VENRES 24 DE XULLO

17:00 Horas - RUTA ACUÁTICA POLO RÍO UMIA

Gozaremos dunha ruta guiada en paddle surf polas augas do Umia. Para maiores de 16 anos. **Imprescindible inscribirse na Biblioteca. Prazas limitadas.**

20:00 Horas. INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN "MULLER3S ABRINDO CAMIÑO!" **Edificio Multiusos.**
Como cada ano a Asociación de Mulleres Rurais de Moraña presenta na EXPOCARNEIRO 2026 unha mostra de traballos realizados durante o primeiro semestre, onde o artesanal se mestura co orixinal dando paso a unha exposición moi persoal, fresca e diferente. Non deixes de visitala! Exposición e Venda.

20:30 Horas - INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN "EMOCIÓNS MARIÑAS"
Edificio Multiusos. Exposición de pintura a cargo de MARISA REDONDO. Coas súas obras Marisa achéganos á súa mirada artística mediante cadros realizados ao óleo cunha técnica mixta, na que a utilización da cor xunto co relevo convida a adentrarnos no seu universo pictórico.

21:00 Horas - CONCERTO CONFUSIÓN PÍSCORE E NOVA LIRA DE MORAÑA

A Banda de Música Nova Lira de Moraña organiza este concerto no que actuará acompañada do grupo Píscore. Ben seguro quedaremos encantados co espectáculo ConFusión.

23:00 Horas - VERBENA NA EXPLANADA DO MULTIÚSOS

Coa actuación das orquestras

LA MISIÓN de Madrid **GRUPO ATENAS**

SÁBADO 25 DE XULLO

11:00 Horas - FESTA DA BICICLETA

A Carballeira de Santa Lucía será o lugar de encontro de todas as persoas, grandes e pequenos, que queirades acompañarnos a dar un paseo en bicicleta. Primeiro percorreremos as rúas do núcleo urbano acompañados da Banda de Música Nova Lira de Moraña, para logo visitar distintos lugares do noso concello. Haberá camisetas para todos os que participedes e sortearemos algún que outro agasallo.

23:00 Horas - VERBENA NA EXPLANADA DO MULTIÚSOS

Coa actuación das orquestras

EL COMBO DOMINICANO **FINISTERRE**

Discomóbil EUPHORIA DISCO cos Dj BRAIS GARCÍA ANDRÉ MOR BENNAC B2B MIKE CHENLO JORGE LAMY MRJ

DOMINGO 26 DE XULLO

.A partir das **11:00 horas** animación de rúa a cargo da Charanga **OS ENCERELLADOS**

14:30 Horas - EXTRAORDINARIO XANTAR DO CARNEIRO Ó ESPETO

Sobremesa amenizada pola Charanga **OS ENCERELLADOS.**

20:00 Horas. Actuación de **THE TETA´S VAN**

22:30 Horas. Remate de festas coa actuación de

PANORAMA CITY **AMÉRICA DE VIGO**

Discomóbil EUPHORIA DISCO cos Dj BRAIS GARCÍA ANDRÉ MOR BENNAC B2B MIKE CHENLO JORGE LAMY MRJ

LVII FESTA DO CARNEIRO Ó ESPETO®

MORAÑA

DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO

24 25 26 Xullo 2026

Marca Rexistrada na "Oficina de Patentes y Marcas", núm. 2.200.678

Colaboran

Concello de Moraña · XUNTA DE GALICIA · galicia · Deputación Pontevedra · //ABANCA

festadocarneirooespeto.com

VENRES 03 DE XULLO

21:00 Horas - ESPÉTALLE UN PINCHO

DEGUSTACIÓN GASTRONÓMICA DO CARNEIRO

Na Carballeira de Santa Lucía poderemos degustar as distintas elaboracións do carneiro preparadas polos bares e restaurantes de Moraña e o chef Miguel Mosteiro.
A velada estará amenizada coa actuación de **Algo pasa con Mery**.

SÁBADO 04 DE XULLO

11:00 Horas - FEIRA DE ARTESANÍA E SEGUNDA MAN

Na Carballeira de Santa Lucía, con máis de 50 postos e moita diversidade, teremos este ano a Feira de Artesanía e Segunda Man.
Durante todo o día, no Multiusos, **gran exposición de bonsais** a cargo dun grupo de veciños do concello.
12:30 h. sesión vermú con actuación musical.
17:00 h. obradoiro para nenos e nenas. Prazas limitadas.
19:00 h. desfile de moda a cargo da empresa morañesa With Love Entredós.
A partir das **21:00 h. degustación gratuíta de paella a cargo do chef Miguel Mosteiro** e actuación de **Pequeña Gran Compañía**.
Ao longo do día, realizaremos sorteos de lotes cedidos polos artesáns participantes.

16:00 Horas - VRASAS 24H

Dende as 16:00 h. teremos no **Pavillón Municipal de Deportes** 24 horas ininterrumpidas de fútbol sala.
Organizado pola Asociación Cultural Peña Espetados

DOMINGO 05 DE XULLO

09:00 Horas - V BTT CARNEIRO Ó ESPETO e ANDAINA POPULAR

Actividade financiada pola Deputación de Pontevedra, con cargo ao Plan + Provincia 2025. Liña 2.

Deputación Pontevedra

Na explanada, a carón do Multiusos, será a saída da V BTT Carneiro ó Espeto, que percorrerá varias parroquias do concello. Paralelamente tamén realizaremos unha andaina, estupenda maneira de coñecer a nosa contorna.

09:00 Horas - III EXPOSICIÓN CANS DE CAZA

Organizado pola Asociación Amigos do Acibal. na Carballeira de Santa Xusta e durante todo o día poderemos gozar dunha fantástica exposición de cans de caza. De **10:00 a 14:00 h.** teremos **FESTA INFANTIL** con inchables, toro mecánico e simulador de tiro virtual totalmente gratis.

XOVES 16 DE XULLO

10:30 Horas - OBRADOIROS CONSUMO VERÁN DE LECER

No Multiusos obradoiros para nenos e nenas de 3 a 14 anos cos que aprenderán a consumir con responsabilidade.

SÁBADO 18 DE XULLO

20:30 Horas - CERTAME DE CORAIS "CARNEIRO Ó ESPETO"

No Edificio Multiusos. Organizado pola Coral Voces Amigas de Moraña, que este ano celebran o seu 25 aniversario, teremos un certame moi especial no que a coral anfitriona estará acompañada polo Coro da Escola Municipal de Música de Moraña, a Coral Cánticos de Amil, Coral de Poio e Coral de Campo Lameiro.

DOMINGO 19 DE XULLO

10:30 Horas - XII CARREIRA CARNEIRO Ó ESPETO"

Actividade financiada pola Deputación de Pontevedra, con cargo ao Plan + Provincia 2025. Liña 2.

Deputación Pontevedra

Organizada polos clubes de atletismo +9 Moraña e Moraña en Ruta en colaboración co Concello de Moraña, o deporte volverá encher as rúas de Santa Lucía. A saída será na Rúa 5, percorrendo varias rúas do casco urbano e arredores.

17:00 Horas - FINAIS DO TORNEO INTERPARROQUIAL DE FÚTBOL

No Campo de Fútbol de O Buelo terá lugar o **V Torneo Interparroquial de Fútbol**, organizado polo **Moraña C.F.** O torneo disputarase os días 17 e 18, sendo a final o domingo 19 ás 19:00 horas.

LUNS 20 DE XULLO

16:30 Horas - FESTA ACUÁTICA

Na Piscina Municipal gozaremos dunha divertida tarde con inchables, actividades acuáticas, xincanas,... e algunha sorpresa máis.

MARTES 21 DE XULLO

21:00 Horas - HAMELIN

Espectáculo para público familiar que mistura narración, maxia, humor e un chisco de lingua de signos. Unha revisión da popular lenda para poñer en valor a diversidade e a integración. .

MÉRCORES 22 DE XULLO

22:00 Horas - CINE NA RÚA

Na explanada do Multiusos proxectaremos unha divertida comedia apta para todos os públicos.

XOVES 23 DE XULLO

12:30 Horas - AS LETRAS DE BEGOÑA CAAMAÑO

No Edificio Multiusos. Contacontos musicado e ilustrado a cargo do Colectivo Xurelo que, de xeito ameno e participativo, percorrerá a biografía de Begoña Caamaño.

20:00 Horas - FESTA INFANTIL

Tarde divertida de baile e xogos amenizada polo DJ Javi Solla. Ademais teremos cócteles saudables para refrescarvos entre baile e baile.

23:00 Horas - FESTA HOLI

A partir das 23:00 horas será o turno da xuventude de 12 a 17 anos. Festa de cores con música, DJ e cócteles sen alcohol.

Para a festa holi é imprescindible inscribirse na Biblioteca. Prazas limitadas.